

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE XANEIRO DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trinta de xaneiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEZO GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión a Secretaria Xeral do Pleno accidental, dona Marta López Peña, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbanse as actas das sesións da Xunta de Goberno Local, correspondentes aos días 16 e 23 de xaneiro de 2013.


ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento da parcela matriz número 194, polígono 547, lugar de Carral, atopándose dentro do ámbito do núcleo co número 52.2 do PXOU Pedrafita-Pacios, parroquia de Santa Comba; para modificación de demolición parcial de muro de contención e legalización do muro resultante, con licenzas números 355/10 e urbanización da parcela, sita na rúa Campos Novos, número 54, parcela 5.B.8; para demolición parcial de edificio, consistente no baleirado interior sen afectar o subsolo, pero incluíndo un baleirado de 0,70 m, para levar a cabo o control arqueolóxico, no inmovible situado en solo clasificado como urbano, na travesía do Miño, número 15; para modificación do proxecto con licenza número 301/11, de construción de vivenda unifamiliar no núcleo rural 21.5 trasfontao, parroquia de Coeses e para a modificación de fachada en planta baixa, consistente no resgado dos ocos ata o solo e substitución de carpintería no edificio sito en solo urbano na rúa San Marcos, número 2.

Acórdase a denegación das seguintes licenzas: de parcelamento da parcela matriz sita en solo rústico en Porto Meilán, parroquia de Aadaí e de parcelamento da parcela 69, polígono 501, situados dentro do solo clasificado como núcleo rural, número 13.3, do pxou denominado Poutomillos, parroquia do Burgo.

Acórdase a corrección de erro na licenza de primeira utilización para o edificio sito na rúa manuel maría, números 19-21 (Fase I da edificación da parcela 2

| | | | |
|-------------|----------------------------------|--------|------------|
| FIRMADO POR | Lino Jose Gonzalez-Dopeso Garcia | FECHA | 04/02/2013 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | PÁGINA | 1/3 |



MrJofKmb5T29Zou+PWVLxA==

ACTAS E GOBERNO

a

Ref#: 13extractoxg05

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-1-2013

do proxecto de compensación da Unidade de Actuación N-12), con licenzas de obra números 1642/2005 e 391/07.

Así mesmo, acordase a concesión da licenza de primeira utilización para edificio Palacio de Feiras e Exposición da Fundación Feiras e Exposicións de Lugo, sito na Unidade de Actuación N-25, do Pombal, na rúa Fabrica da Luz, construído co licenza de obras aprobadas na comisión de goberno do 25 de novembro de 1996 e último acordo da Xunta de Goberno Local do 26 de decembro de 2012, así como licenza de obras número 239/2010.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. ACTAS E GOBERNO.- Acórdase a aprobación do réxime competencial da Xunta de Goberno Local, delegacións de atribucións deste órgano.

3. PERSOAL.- Acórdase a desestimación do recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno que desestimou a solicitude formulada para recoñecemento de compatibilidade.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza de obras solicitada para construción de edificio na rúa Oliveira, 44 (fase 1).

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza de obras solicitada para construción de edificio na rúa Oliveira, 42 (fase 2).


Do mesmo xeito, acórdase a rectificación da liquidación aprobada pola Xunta de Goberno Local, con data do 26 de decembro de 2012, en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e do imposto sobre construcións, instalacións e obras, por importe total de 3.701,61 €, pola instalación de ascensor no edificio sito no Sagrado Corazón, 22.

Así mesmo, acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza de obras solicitada para construción de edificio na rúa Oliveira, 40 (fase 3).

Acórdase a rectificación da liquidación aprobada pola xunta de goberno local, con data do 19 de decembro de 2012, en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e do imposto sobre construcións, instalacións e obras, por importe total de 1.988,65 €, pola legalización e ampliación de vivenda unifamiliar,

Código Seguro de verificación:MrJofKmb5T29Zou+PWVLxA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | | |
|-------------|----------------------------------|--------------------------|--------|------------|
| FIRMADO POR | Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia | | FECHA | 04/02/2013 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | MrJofKmb5T29Zou+PWVLxA== | PÁGINA | 2/3 |


MrJofKmb5T29Zou+PWVLxA==

situada no solo clasificado como núcleo rural número 18.3, denominado galegos de abaixo xuíz norte, na primeira travesía de San Eufrasio, 22.

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 e Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, Lino José González-Doposo García.

Código Seguro de verificación:MrJofKmb5T29Zou+PWVLxA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | | |
|-------------|----------------------------------|--------------------------|--------|------------|
| FIRMADO POR | Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia | | FECHA | 04/02/2013 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | MrJofKmb5T29Zou+PWVLxA== | PÁGINA | 3/3 |



MrJofKmb5T29Zou+PWVLxA==